



CUALEDRO

Número 3

Boletín de información municipal

Verán 2009



A festa dos nosos maiores, un día para disfrutar
Homenaxe ó esforzo de toda unha vida

Visita de Núñez Feijóo



O presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, estivo en Cualedro para coñecer de cerca a realidade do noso municipio e os novos proxectos do Concello. Para elo reuniuse co alcalde e un numeroso grupo de veciños e veciñas.

Novas iniciativas



A través do Fondo de Inversión Estatal e outras iniciativas comprometidas coa Xunta de Galicia maila Deputación de Ourense, o Concello de Cualedro acomete iniciativas para melloralos servizos e infraestruturas en varios núcleos.

Doble cita electoral



Case tódolos anos hai eleccións, pero neste 2009 foi por partida dobre. Primeiro, o 1 de marzo, para eleixilos deputados no Parlamento Galego. Despois, o 6 de xuño, para os eurodeputados. En ambas citas, en Cualedro gañou o Partido Popular.

1979-2009: trinta anos de concellos democráticos en Cualedro

3 de abril de 1979. Tal día, hai xa trinta anos, produciase, en plena transición, un fito importante: celebrábanse as primeiras eleccións municipais trala reinstauración da Democracia en España. Os veciños e veciñas de Leiro viviron de xeito especial aqueles comicios, sobre todo con moita curiosidade e expectativas, en medio dun contexto social moi politizado.

A primeira alcaldesa foi Marina Cuquejo, na que os cidadáns de Cualedro renovaron a súa confianza nas sucesivas eleccións municipais ata o ano 2003. Sucedeuna, tralo seu pasamento, Simón Carnero e Luciano Cuquejo.

Pero non podemos esquecernos de tódolos homes e mulleres que nese período nos representaron na Corpo-



1995-1999



1999-2003

ración, baixo as distintas siglas políticas, tentando sempre buscarlo mellor para os nosos pobos e para as persoas que eiquí desenvolvemos a nosa vida. Foron 30 anos de progreso, con moitas iniciativas para dotar ó municipio de novas infraestruturas (estradas, abastecementos, redes de sumidoiros,...) e de melloralos servizos públicos de titularidade municipal.

Aínda así, debemos seguir traballando, cóbado con cóbado, para acadar novas cotas de progreso, benestar e modernidade. Unha tarefa que compete, non só ós nosos gobernantes, senón a todos e cada ún dos veciños e veciñas deste fermoso concello, aportando e ideas e solucións para resolver tódolos problemas.

Concelleiros 1979/2009

1ª Corporación (1979-1983)

Marina Cuquejo Taboada (UCD)
Simón Carnero Núñez (UCD)
Alfonso Fernández Vieira (UCD)
Eligio Gil Blanco (UCD)
Arsenio Sixto Álvarez Trigo (UCD)
Joaquín Blanco Ojea (UCD)
Rudesindo Fernández Sotelo (UCD)
Manuel Medeiros Pérez (UCD)
Sergio Álvarez Rego (UCD)
Francisco Fonseca Rivero (BNPG)
Francisco Fdez. Caramés (BNPG)
Urbano Gallina Fernández (BNPG)
Manuel Alfonso Guerra Fernández (CD), substituído por José Luis Salgado Rodríguez

2ª Corporación (1983-1987)

Marina Cuquejo Taboada (CG)
Simón Carnero Núñez (CG)
Eligio Gil Blanco (CG)
Alfonso Fernández Vieira (CG)
Isolino Rodríguez Alvar (CG)

Rudesindo Fernández Sotelo (CG)
Manuel González Rodríguez (CG)
Evaristo Atanes Álvarez (CG)
Sergio Álvarez Rego (CG)
Francisco Fonseca Rivero (ANPG)
Julio Rúa Rodríguez (ANPG)
Gervasio González García (AP)
José Luis Salgado Rodríguez (AP)
3ª Corporación (1987-1991)
Marina Cuquejo Taboada (AP-CdeG)
Simón Carnero Núñez (AP-CdeG)
Eligio Gil Blanco (AP-CdeG)
Alfonso Fernández Vieira (AP-CdeG)
Gervasio González García (AP-CdeG)
José L. Salgado Rguez. (AP-CdeG)
Antonio Rodríguez Rguez. (AP-CdeG)
José Justo Sánchez (AP-CdeG)
Sergio Álvarez Rego (AP-CdeG)
Luis Rodríguez Díaz (AP-CdeG)
Joaquín Blanco Ojea (AP-CdeG)
Faustino Dguez Álvarez (PSOE)
Augusto Diéguez Parada (CPG)

4ª Corporación (1991-1995)

Marina Cuquejo Taboada (CD-CDS)
Simón Carnero Núñez (CD-CDS)
Alfonso Fernández Vieira (CD-CDS)
Eligio Gil Blanco (CD-CDS)
José L. Salgado Rodríguez (CD-CDS)
Manuel Justo González (CD-CDS)
Ramón González Canto (CD-CDS)
Augusto Castro Rodríguez (PSOE)
Jerónimo Rego Rodríguez (PSOE)
Antonio González González (PSOE)
Luis André Firvida (PSdeG-PSOE)
Faustino Domínguez Álvarez (PSOE)
Arturo Rúa Justo (AP)
5ª Corporación (1995-1999)
Marina Cuquejo Taboada (PP)
Simón Carnero Núñez (PP)
Alfonso Fernández Vieira (PP)
Eligio Gil Blanco (PP)
José Luis Salgado Rodríguez (PP)
Manuel Justo González (PP)
Ramón González Canto (PP)

Luis Rodríguez Díaz (PP)
José Quinteiros Rodríguez (PP)
Juan González Blanco (PP)
José Justo Sánchez (PP)
6ª Corporación (1999-2003)
Marina Cuquejo Taboada (PP)
Simón Carnero Núñez (PP)
Juan Sampedro Lozano (PP)
José Quinteiros Rodríguez (PP)
Alfonso Fernández Vieira (PP)
Eligio Gil Blanco (PP)
Francisco Pérez Rodríguez (PP)
Leopoldo Álvarez Álvarez (PP)
Luis Ferreiro Fernández (BNG)
Rosa María Atanes Fernández (BNG)
Faustino Domínguez Álvarez (PSOE)
7ª Corporación (2003-2007)
Marina Cuquejo Taboada (PP)
Simón Carnero Núñez (PP)
Juan Sampedro Lozano (PP)
José Quinteiros Rodríguez (PP)
Alfonso Fernández Vieira (PP)

Eligio Gil Blanco (PP)
Leopoldo Álvarez Álvarez (PP), substituído por Eduardo Fernández López
Francisco Pérez Rodríguez (PP)
Domingo Moreiras Salgado (PSOE)
Faustino Domínguez Álvarez (PSOE)
Manuel Álvarez Casado (PSOE)
8ª Corporación (2007-2011)
Luciano Rivero Cuquejo (PP)
José Quinteiros Rodríguez (PP)
Francisco Pérez Rodríguez (PP)
Eligio Gil Sanmamed (PP)
Luis Rodríguez Díaz (PP)
Juan Sampedro Lozano (PP)
José Justo Sánchez (PP)
Elisardo Fernández Fernández (PP)
Faustino Domínguez Álvarez (PSdeG-PSOE)
Mª del Pilar Martínez Atanes (PSdeG-PSOE)
Josefa González Álvarez (BNG)

veciños exemplares



Salón de plenos
As autoridades, xunto ó
homenaxeado



O subdelegado impú-
xolle a medalla



O alcalde
valorou o
exemplo
de Ricardo
Fidalgo

Recoñecemento a Ricardo Fidalgo

A Dirección Xeral de Protección Civil concedeulle a Medalla do Mérito con distintivo azul pola súa heroicidade



O subdelegado do Goberno en Ourense, Camilo, presidiu no salón de actos do Concello de Cualedro o acto de imposición da Medalla ó Mérito da Protección Civil, na categoría de bronce, e con distintivo azul, a Ricardo Fidalgo Fidalgo, veciño de Carzoá. Deste xeito, e despois dun expediente aberto pola Dirección Xeral de Protección Civil e de Emerxencias do Ministerio do Interior, recoñecía a actuación de Ricardo o día 1 de novembro de 2005 cando arriscou a súa vida para salvar ó conveciño Alejandro Pérez Añel, que se atopaba no interior da súa vivenda cando esta era presa das lapas, en Carzoá. Ricardo conseguiu rescatalo con vida, aínda que Alejandro falecería pouco no Complexo Hospitalario de Ourense, debido ás graves feridas. Nesta actuación tamén participaron outros veciños de Carzoá, con cubos, mangueras e o que atoparon a man. A Subdelegación do Goberno tivo coñecemento desta acción, que considerou merecedora dun recoñecemento público, polo que puxo os feitos en coñecemento da Dirección Xeral de Protección Civil. ■

Os informes avalan a valentía e humanidade de Ricardo

O incendio na casa de Alejandro tivo a súa orixe, presumiblemente, na propagación do lume dunha chimenea de leña, na planta baixa da vivenda, a un sofá contíguo, onde descansaba o falecido, cuberto cunha manta. Unha vez que os veciños se percataron do incendio, Ricardo foi un dos primeiros en acudir en auxilio de Alejandro, desistindo do seu primeiro intento ante o lume e o fume; pero, unha vez recuperado, realizou un segundo intento, conseguindo chegar ata onde se atopaba o corpo do ancián, sacándoo ó exterior polos pés.

■ A este acto asistiron tamén o director de Protección Civil da Subdelegación do Goberno, altos mandos da Garda Civil de Ourense, A Limia e Verín, e o alcalde de Cualedro. Luciano Cuquejo agradeceu a Ricardo Fidalgo a súa actuación, "que representa -dixo- un exemplo e un honor para tódolos veciños e veciñas do noso municipio".

Ricardo prefere non lembrar moito o día da súa actuación, sobre todo, pensando en que Alejandro xa non está connosco. Tamén destacou que todo Carzoá merece o recoñecemento.

Os novos proxectos inciden no *fomento do emprego* e na mellora de *infraestruturas* en diferentes núcleos

San Martiño, A Xironda, Lamas, Baldriz, Rebordondo, Penaverde, Montes e Cualedro son algúns dos núcleos que se benefician de planos de obras acometidos ou xestionados polo Concello de Cualedro durante 2009. Algunhas obras contan co financiamento do Goberno central, da Deputación ou da Confederación Hidrográfica.

▣ O Plan de Investimento Estatal para o Emprego destina a Cualedro algo máis de 380 mil euros

O Concello de Cualedro promoveu, a través do Fondo Estatal de Inversión Local, varios proxectos para mellorar espazos públicos, establecer criterios de aforro enerxético no alumeadado público e a construción dun centro social. Todas estas actuacións estarán rematadas antes de fin do ano 2009.

O Fondo contempla o investimento no noso municipio 380.171 euros. Dous dos proxectos son a construción de centros sociais en **Rebordondo** e **Saceda**, na liña de dotar a tódolos pobos de lugares de reunión, convivencia e outros usos que consideren oportunos os seus veciños (compre lembrar que nos últimos anos xa se reformaron e inauguraron varios edificios comunitarios).

Tamén están contempladas actuacións para reformar e humanizar as prazas de **Baldriz** e **Penaverde**, xa iniciadas. O Concello, atendendo a petición dos cidadáns destes núcleos, aposta por melloralas estéticas dos pobos e buscar utilidade ás prazas e ós espazos públicos.

Outra liña de traballo incidirá na mellora da iluminación pública, optimizando tódolos recursos. Un plan de aforro enerxético contribúe a que **Montes** dispoña dun bo servizo, cun menor custe para as arcas municipais. ■



Beirarrúas na travesía de San



Fonteola, na Xironda



Estrada d

A Confederación Hidrográfica do Douro, a petición do Concello de Cualedro, realizou varios traballos de limpeza e recuperación da ribeira do río da **Xironda**. Ao mesmo tempo, e no mesmo proxecto, acometeuse a limpeza da Fontedola, un lugar emblemático e de valor sentimental para moitas mulleres deste pobo que acudían alí a lavar a roupa ata hai poucos anos.



O ast
San
colab

O Conce
prioritario
firme na estr
o enlace da
Monterrei, e
ós veciños
Martíño e M
zanse coa
Ourense pa
de Montes
construiron
tramos de b
Esta pre
rioridade ó
solicitar o a
Lamas, ago
satisfacción

"A mellora dos servizos públicos e das



Actuacións en San Martiño

Concello de Cualedro e Deputación de Ourense colaboraron, a través dos Planos Provinciais, na execución de diversas obras en San Martiño. Os traballos comezaron, xa no inverno, coa prolongación da rede de sumidoiros, para acadar unha mellor depuración dos verquidos domiciliares. E continuaron, despois, con actuacións puntuais no entorno do peta de ánimas, na construción dun muro de contención xunto ó centro social e o traslado dunha fonte próxima para permitir a construción dun novo tramo de beirarrúas (entre o centro social e o cemiterio parroquial). ■



Sanaeamento en San Martiño



e Lamas



Reforma da praza de Penaverde

Asfaltado das travesías de Montes e San Martiño, un novo proxecto de colaboración coa Deputación Provincial

O Concello de Cualedro considera necesario completar a mellora do asfaltado da estrada que comunica dende a N-101 co municipio de Penaverde, que afecta directamente a veciñas de Lamas, San Martiño e Montes. As xestións realizadas coa Deputación Provincial de Ourense para completar as travesías de Montes e San Martiño, onde se realizaron anos atrás importantes actuacións de asfaltado de beirarrúas.

A ocupación levou con anterioridade o Concello de Cualedro a asfaltado da travesía de Penaverde, xa rematada e a plena satisfacción dos residentes no pobo e

dos condutores que circulan habitualmente por esta vía. A intención municipal é que as travesías de Montes e San Martiño se executen coas mesmas características que a de Lamas.

A Deputación Provincial de Ourense realiza tódolos anos, a través das brigadas de obras, traballos de conservación e mantemento da rede viaria local e provincial no termo municipal de Cualedro.

Tamén a través da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Verín-Monterrei realízanse tarefas de desbroce e limpeza da maior parte das nosas vías de comunicación. ■

Proxecto dun novo Obradoiro de Emprego en Cualedro

■ O Concello xa ten elaborado o proxecto para solicitar un novo obradoiro de emprego, en colaboración coa Consellería de Traballo da Xunta de Galicia, e establecer novas liñas de formación laboral e profesional no noso municipio.

A pretensión municipal é continuar coas obras de restauración do noso patrimonio tradicional, as zonas verdes e as áreas recreativas nos distintos pobos. Este obradoiro de emprego estará integrado por 26 alumnos e alumnas, maiores de 26 anos e inscritos nas oficinas do INEM, que se distribuirán en tres módulos: albanilería, cantería e restauración de áreas degradadas.

O Concello de Cualedro segue apostando por estas iniciativas, tendo en conta o éxito das dúas anteriores (Cualedro I e Cualedro II). O alcalde, Luciano Rivero, agarda o novo obradoiro comece a funcionar en 2009 ou 2010. ■

As infraestruturas básicas ten que chegar por igual a tódolos pobos"

Luciano Rivero Cuquejo, alcalde



O alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, aproveitou a visita de Alberto Núñez Feijóo para plantexarlle a necesidade de construír unha residencia e centro de día, e un parque empresarial, que son algunhas das principais urxencias que ten hoxe o noso municipio.


Non houbo sorpresas o día 1 de marzo, e os veciños e veciñas de Cualedro deron un apoio maioritario á candidatura do Partido Popular, que tiña como cabeza de lista pola provincia de Ourense a M^a Carmen Prado, e candidato á presidencia da Xunta de Galicia, ó tamén ourensán Alberto Núñez Feijóo.

Se na provincia de Ourense o PP acadou o 49,02% dos votos, ese respaldo superou o 70% no noso municipio. Uns resultados agardados, tendo en conta as eleccións xerais do ano 2008, cando os "populares" acadaran o 70,8%. Nos comicios autonómicos, o PSdeG-PSOE foi a segunda forza máis votada, pero a considerable distancia, con pouco máis do 15% do apoio cidadán. O BNG, que tamén se vira superado polos socialistas nas eleccións xerais, nesta ocasión recibiu tan só 186 votos.

Os deputados electos pola nosa circunscrición electoral foron: M^a Carmen Prado, Rosendo Fernández, Enrique Novoa, Cristina Romero, José Manuel Baltar, Antonio Rodríguez Miranda e Miguel Ángel Santalices, polo PP; Manuel Vázquez, Laura Seara, Pablo López Vidal e M^a Carmen Acuña, polo PSdeG-PSOE; e Alfredo Suárez Canal e Tareixa Paz, polo BNG. ■

O Partido Popular acadou unha ampla victoria nas eleccións autonómicas

Cualedro tamén apoiou a Núñez Feijóo para a presidencia da Xunta de Galicia



Unha vez coñecidos os resultados, ledicia desbordante por parte dos cargos e simpatizantes do Partido Popular, e máxima decepción entre as filas socialistas e nacionalistas, que confiaban en repetilo Goberno bipartito que presidíu Emilio Pérez Touriño entre 2005 e 2009.

O alcalde de Quintela de Leirado, Luciano Rivero Cuquejo, expresou a súa satisfacción: "Tiña confianza en que os nosos veciños e veciñas ían votar polo cambio na Xunta, apostando pola maioría absoluta do PP, sabendo que é a mellor opción nestes tempos de crise". Tamén se amosou confiado en que a nova Xunta de Galicia que preside Alberto Núñez Feijóo "será positiva para Cualedro, para sacar adiante os proxectos en marcha, e imos atopar un apoio claro por parte da nova Administración autonómica".

Ese apoio ó Partido Popular volveu repetirse nas eleccións ó Parlamento Europeo do pasado 6 de xuño. Os "populares" case triplicaron o número de votos das demais forzas políticas e contribuíron á victoria da candidatura encabezada por Jaime Mayor Oreja. Os socialistas, con Fernando López Aguilar, mantiveron a segunda posición, en detrimento da coalición na que ía o BNG. ■



Servizo Galego de Colocación

O Concello de Cualedro dispón dun punto de información do Servizo Galego de Colocación, onde as persoas que están no paro poden renovar as súas demandas, evitando o desprazamento ata Verín. Tamén, calquera veciño ou veciña pode consultar as ofertas do Servizo Galego de Colocación e acceder ás páxinas web dos diferentes servizos públicos de emprego.

En defensa do noso patrimonio

O Concello de Cualedro iniciou as xestións coa Dirección Xeral de Patrimonio para acometer os traballos de restauración da capela da Costa, que data do século XVII. O deterioro comezou en 1940, cando un raio alcanzou o campanario e parte da cuberta. Un informe técnico considera necesario o investimento urxente de 23.000 euros para reparalo tellado e asento campanario, para evitar o risco de desprendemento de pedras.



A capela amosa un notable deterioro polo que se fai urxente unha restauración.



Nova praza e mellora da captación para a fonte pública de Carzoá

Os veciños de Carzoá xa se benefician de diversos proxectos de obras acometidos polo Concello de Cualedro nos últimos meses. Unha das actuacións atopámola na entrada ó pobo. Creouse unha praza pública, con iluminación ornamental, e bancadas para descansar, aproveitando uns terreos de uso público. A consecuencia directa é unha mellora estética no acceso ó pobo dende a estrada principal (Cualedro-San Martiño).



Outra obra importante en Carzoá foi a mellora das captacións para subministrar auga, en cantidade e calidade, á fonte do medio da praza.

O Concello acometeu estas obras atendendo as peticións formuladas polos veciños e veciñas. Unha liña de traballo que segue habitualmente o Goberno municipal, aínda que, ás veces, segundo sinala o alcalde, Luciano Rivero, haxa que establecer prioridades. ■

O novo Plan Leader, operativo ata o ano 2013

O concello de Cualedro integra un novo Plan Leader, que estará operativo no período 2008-2013, conxuntamente cos concellos das comarcas de Verín-Monterrei e Conso-Frieiras. Trátase dunha iniciativa promovida pola Unión Europea e que será xestionada a través da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER). Pero da súa actuación directa vaise encargar un Grupo de Desenvolvemento Rural, no que están representados ós diferentes estamentos políticos, económicos e sociais dos concellos que o integran: de feito, "tódalas entidades públicas ou privadas que desenvolvan a súa actividade nas áreas territoriais definidas do ámbito económico, social, cultural, veciñal, medioambiental, profesional, comunidades de montes etc".

Este plan europeo establece unha liña de axudas e subvencións para o desenvolvemento económico e laboral de zonas desfavorecidas, tendentes á modernización de empresas e ó aproveitamento e comercialización dos produtos primarios. ■



**Mariano Rajoy,
cos alcaldes da comarca**

Aínda que naceu en Pontevedra, Mariano Rajoy viviu varios anos en O Carballiño e non oculta o seu especial vencellamento coa nosa provincia. Hai pouco estivo de novo nesta comarca, onde se reuniu con alcaldes, cargos institucionais e simpatizantes do seu partido. En Verín celebraron unha cea, á que asistiu o alcalde de Cualedro, Luciano Rivero (na imaxe xunto ó propio Rajoy, e os rexedores municipais de A Gudiña, Riós, Monterrei e Laza), onde se falou de cuestións políticas e da necesidade de fomentar novas infraestruturas. A comarca de Verín-Monterrei é un importante bastión para o PP, que goberna en tódolos concellos, agás Vilardevós e Castrelo do Val.

Como en anos anteriores, o Concello de Cualedro convidou a tódolos rapaces e rapazas do municipio (algúns foron acompañados polos seus pais/nais) a disfrutar dunha xornada lúdica en Pazolandia, no recinto de Expourense, na capital da provincia. Todos aproveitaron para montar nas distintas atraccións e participar nos talleres deste evento que organizou a Deputación Provincial de Ourense. O Concello encargouse de fletar un autobús e das entradas.



**Os máis novos de Cualedro
disfrutaron de Pazolandia**



**Sesión de contacontos
no colexio público**

O Concello desenvolve durante todo o curso lectivo unha colaboración permanente co colexio público, tanto para a xestión da mellora das instalacións, como para desenvolver programas educativos que axuden á formación dos alumnos e alumnas. Tamén a Consellería de Cultura establece programas de apoio, como as sesións de contacontos (na imaxe), que gozan de gran aceptación entre os rapaces.

A Casa da Cultura foi o escenario da presentación do libro "O mundo dos cruceiros, cruces e petos de ánimas na bisbarra da Limia", de Ángel Cerrato. En Cualedro aparecen catalogados 9 cruceiros, unha cruz e catro petos (na imaxe, o de San Martiño, acondicionado recentemente a través dun convenio entre o Concello maila Deputación de Ourense).

**Cruceiros e petos de ánimas,
recollidos nun libro**



San Martiño

Cualedro foi pioneiro na implantación da receita electrónica


O Centro de Saúde de Cualedro foi o primeiro da provincia de Ourense no que se implantou a receita electrónica. Despois dos primeiros días de dúbidas, semella que o sistema está funcionando de xeito óptimo, con dúas vantaxes: para os pacientes crónicos, que non teñen que acudir ó médico cada vez que necesitan

receitas, xa que van á farmacia directamente; e para o propio servizo, co que se axiliza a atención ós pacientes que acuden á consulta ó Centro de Saúde. A receita electrónica enmárcase no programa IANUS (Historia Clínica de Galicia, en Atención Primaria e Especializada), que coordina en Ourense Francisco José Jorge.




Francisco José Jorge Rodríguez:

“O sistema vale tanto para os enfermos crónicos como para os agudos. En vez de vir tódalas semanas, agora recétaselles para todo o ano e xa van á farmacia. Así, non perde o tempo o paciente, nin o médico”.



Emilio Canal Blanco:

“Agora dispoñemos de máis tempo para a consulta de verdade: seguemento, consultas programadas, etc. Os pacientes viñan condicionados polo transporte público e os días de feira. Así, só terán que vir os que están enfermos”.



José Antonio Taboada:

“En Cualedro hai unhas 1.900 cartilas sanitarias. Unha porcentaxe relativamente alta da poboación sofre cardiopatías, hipertensión, diabetes, dislipemias, reumas,... Son doenzas crónicas que entran dentro da nova receita”.



Esther Cacheiro González:

“Esto é máis rápido, e máis cómodo, co traballo máis repartido para nós. Antes, o traballo facíase cando o paciente saía: había que sellar, asinar, era todo moi burocrático. Agora faise todo no mesmo momento”.



Veciños unidos na diversión

Tamén en Baldriz se celebrou o Entroido, pero dunha forma diferente. Os veciños máis animados reuníronse na praza do pobo, a carón da fonte e do lavadoiro, para degustar os produtos típicos desta época, asados nunha improvisada barbacoa. ■

En Cualedro, apenas se viron este ano os “zarramanculleiros”. Pero, non por eso deixou de celebrarse o Entroido. A Casa da Cultura acolleu a un bo número de veciños e veciñas, de tódalas idades para compartir unha merenda e un bo rato de diversión. Uns ían disfrazados, e outros non, pero todos disfrutaron por igual dunha boa velada, con cantigas, bailes, contos, chistas, etc. Ademais das festas tradicionais de cada pobo, os magostos e o Entroido son ocasións propicias para afondar no sentimento de pobo, reforzando valores como a amizade e a boa veciñanza. ■



Baldriz

Colexio Rural Agrupado de A Xironda

As escaseza de nenos facilita unha educación personalizada



Magosto

Nadal: reunímonos as 5 aulas da comarca en Pazos. Cada escola cantou e bailou unha panxoliña. Despois fomos polo pobo cantando os "reis". Ó rematar de cantar os reis comemos todos xuntos. Ademais nas escolas fixemos postais empregando materiais de refugallo para felicitar as familias e as outras aulas do C.R.A.

Día da Paz: celebrámolo todas as aulas en Vences pedindo a Paz polos diferentes países. Antes do 30 de xaneiro, cada escola pintou bandeiras de países dun determinado continente (na Xironda elegimos países de América Central). O día da Paz en Vences fixemos unha gran roda toda a comunidade do C.R.A. e cada neno foi pedindo a Paz polo país que representaba a súa bandeira.

Ao longo do curso, o CRA de A Xironda desenvolve unha morea de actividades, encamiñadas a que os nenos e nenas adquiran unha boa preparación académica. En 2008/2009 non foi a excepción, como figura nesta pequena memoria:

Magosto: xuntámonos as 5 aulas na Xironda e celebramos o magosto con xogos populares, visita guiada polo pobo (unha señora do pobo, explicounos as costumes e os monumento que hai no pobo da Xironda). Despois tivemos xogos populares (a ra, a chave, os zancos, a roda, etc), e por último un xantar con comida típica do magosto (chourizos asados e castañas)

Samaín: celebrámolo na aula en coordinación coa mestra de Inglés.



Samaín



Día da Paz

Entroido: fixemos os disfraces de ras para participar no desfile do entroido de Verín. A semana de entroido xogamos a disfrazarnos. O lúns todos levamos unha pluma de indio na cabeza, o martes engadimoslle un colar de macarróns e o mércores pintamos a cara de indios.

16 de marzo: "Escenas musicais. Os instrumentos como fonte sonora e expresiva". No Auditorio de Ourense.

17 de abril: saída á biblioteca de Verín, para coñecer as instalacións, escoitar contos e facer algunhas manualidades.

30 de abril: celebramos os maíos en Feces: adornos con flores e follas, coplas, etc.

21 de maio: Convivencia en Laza. xuntámonos 800 rapaces e rapazas da provincia.



A Consellería de Medio Rural estableceu axudas e subvencións para a reestruturación de videiras en Cualedro, a través dun programa que beneficia ós concellos con zonas de viticultura incluídas nunha Denominación de Orixe (Monterrei). Os veciños interesados formalizaron as solicitudes na Casa da Cultura. Afecta, no noso municipio, ós pobos de San Millán, A Xironda, Saceda, Pedrosa, San Martiño, Montes, Lamas e Rebordondo. ■



A través do Plan de Voluntariado, realizáronse varios cursos, cun alto grao de participación: manualidades, ocio e animación para adultos, en Atás; manualidades para nenos, na Xironda; ximnasia e motricidade, en Cualedro e Montes; risoterapia e relaxación, na Pedrosa; taller interxeracional de novas tecnoloxías, en Cualedro, e charlas orientadas á información sobre o Voluntariado. ■

III Festa do Maior

A Festa do Maior, que o pasado 16 de maio celebrou a terceira edición, vai a máis cada ano. Na carpa instalada polo Concello no Toural reuníronse unhas 800 persoas, para disfrutar dunha xornada de convivencia, de contos, xogos, bailes e un bo xantar, a base de empanada, polbo á feira, carne ó caldeiro, postre, café, queimada, refrescos e viño da nosa terra. Para os máis animados houbo tamén baile e música de karaoke. Un gran día para moitos, sen dúbida.



O alcalde de Cualedro, Luciano Rivero, agradeceu a presenza das persoas que participaron na Festa do Maior, e lembrou ós veciños e veciñas que por motivos de enfermidade non puideron asistir. Dixo que "os nosos maiores son un exemplo de traballo e honestidade, no que todos debemos mirarnos, e ós que debemos en boa medida o progreso experimentado polo noso municipio". Tamén entrevistou o presidente da Deputación Provincial de Ourense, José Luis Baltar, quen fixo unha mención especial para Marina Cuquejo Taboada, alcaldesa de Cualedro durante 28 anos, da "que -dixo- foi un exemplo de persoa que antepuxo os intereses dos seus veciños ós seus propios e ós da súa familia, e un espello no que todos debemos mirarnos".

Nesta cita anual organizada polo Concello de Cualedro participaron veciños e veciñas de tódolos pobos, que levaron como lembranza unha taza de barro e unha gorra. ■



O Entroido máis enxebre...



Zucima do Meco, na Xironda



Desfile das mázcaras

É unha satisfacción comprobar como os veciños da Xironda permanecen unidos en torno ás súas tradicións. Un bo exemplo témolo no Entroido, cando novos e maiores xúntanse para pasear e queimar o meco, nun ritual que se perde na noite dos tempos e que os nosos devanceiros souberon conservar ata hoxe. Tamén as mázcaras puxeron a cor no seu percorrido polas rúas do pobo, como símbolos dun Entroido singular que non se debe perder.



Tamén no colexio rural agrupado da Xironda traballan nese empeño de implicar ás novas xeracións no significado que ten o Entroido para todo o pobo. Os rapaces participaron nun obradoiro de elaboración das "mázcara", axudados polos súas nais e os profesores. Este é un bo exemplo de transmi-

sión de saberes e costumes tradicionais. A comunidade escolar participou, días despois, no gran desfile de Verín, cos demais colexios rurais da nosa comarca. A "mázcara" da Xironda é, xunto co "zarramanculleiro" de Cualedro, a figura emblemática do noso Entroido.